



# O pensamento social e ecolóxico do Papa Francisco na encíclica *Laudato Si'*. *Sobre o Coidado da Casa Común*

Isabel Vilalba Seivane<sup>1</sup>

Grazas  
polos pobos do mundo,  
cada cor, cada raza  
pola vida en xustiza  
que as máis pobres demandan.

Grazas  
polos ríos e rías,  
polo gran, pola auga  
as colleitas que a fame  
sempre enredan e matan

(Manuel Regal Ledo)

Quería dar comezo á miña intervención agradecéndolles ás persoas organizadoras do Foro Encrucillada a posibilidade de participar neste encontro e á vez a confianza que me vai permitir achegar un modesto gran de area ao diálogo, ao que tantas veces se apela na *Laudato Si'. Sobre o Coidado da Casa Común*, achegando voces do ámbito relixioso e voces que vimos doutros ámbitos, como os movementos sociais.

A proximidade ás análises e demandas dos movementos populares do Papa Francisco, a pertinencia e a vixencia das propostas que se realizan na encíclica para o momento actual, así como a

---

<sup>1</sup> Isabel Vilalba Seivane é secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego e forma parte da directiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina.